

Setenta personas irán a las jornadas sobre el agotamiento del agua

MELIDE ▶ El programa compagina conferencias con salidas de trabajo y talleres ▶ Se desarrollan en tres días

M.T. • MELIDE

Las VI Xornadas Ciencia e Territorio que este año llevan por nombre A Auga, Usos e Abusos arrancarán el próximo día 9 en las instalaciones del edificio de usos múltiples, Xosé Vázquez Pintor, de Melide y en el instituto del mismo municipio, y terminarán el día 11. Se espera que participen en los tres días un total de 70 personas procedentes de todo el país, pero mayoritariamente profesorado de educación Secundaria, aunque también técnicos relacionados con el tema.

Organizadas por el movimiento Nova Escola Galega y por los departamentos de Ciencias Naturais do IES Melide, tienen como principal objetivo analizar, por segundo año, la problemática que gira alrededor del agua.

El programa genérico contempla un total de ocho conferencias plenarias, impartidas por investigadores universitarios, salidas

de campo por diferentes lugares de Terra de Melide y el desarrollo de talleres prácticos.

Entre los relatores invitados se encuentra Francisco Javier Martínez Gil, catedrático de Hidrogeología de la Universidad de Zaragoza, una de las mayores autoridades en la materia actualmente y que realizará la conferencia inaugural. Como especialistas gallegos figuran Xoán Antelo Cortizas, catedrático de la facultad de Física de la USC, Augusto Pérez Alberti, catedrático de Geografía Física y Xosé Ramón Seara, del departamento de Geociencias marinas de la Universidade de Vigo.

Como novedad en la presente edición habrá un espacio dedicado a que los propios participantes presenten sus experiencias didácticas relacionadas con el tema en cuestión, en este caso el agotamiento del agua.

Melide analizará todos los problemas que giran en torno al uso del agua

ANÁLISIS ▶ Participarán en las jornadas 70 personas, la mayoría técnicos y profesores de Enseñanza Secundaria ▶ Habrá ocho conferencias, salidas de campo y talleres

S.F. • MELIDE

Organizadas por el movimiento de renovación pedagógica Nova Escola Galega y por los departamentos de Ciencias Naturales del IES Melide, hoy arrancan en la instalación del edificio de usos múltiples Xosé Vázquez Pintor y en el instituto de la localidad las VI Jornadas Ciencia e Territorio, que en esta ocasión llevan por subtítulo A Auga, Usos e Abusos (II). El principal objetivo de las mismas es analizar, por segundo año consecutivo, la problemática que gira alrededor del agua, de sus usos, pero también de sus abusos.

La organización espera que participen directamente un número aproximado de setenta personas, mayoritariamente profesorado de Enseñanza Secundaria, pero también técnicos relacionados con el tema.

El esquema genérico de las jornadas contempla ocho conferencias impartidas por investigadores universitarios, salidas de campo por lugares de Melide y talleres de índole más práctica. Paralelamente, están programadas también actividades de ocio que incluyen la proyección de una película o la participación de los asistentes a una sesión de juegos tradicionales.

Entre los relatores invitados están Francisco Javier Martínez Gil, catedrático de Hidrogeología de la Universidad de Zaragoza, una de las mayores autorida-



Los talleres prácticos centrarán algunas de las actividades

EL DATO

Por sexto año

▶ Las jornadas Ciencia e Territorio se celebran por sexto año con el objetivo de articular estrategias que permitan al profesorado la integración de la enseñanza en el medio natural y social ■

des en la materia actualmente. Entre los especialistas gallegos presentes figuran Xoán M. Antelo Cortizas, catedrático de la Facultad de Física de la Universidad de Santiago; Augusto Pérez Alberti, catedrático de Geografía Física; o Xosé Ramón Seara Valero, del departamento de Geociencias Marinas de la Universidad de Vigo.

RENOVACIÓN PEDAGÓGICA Nova Escola Galega e o instituto de Melide organizan as sextas xornadas Ciencia e Territorio para inserir o coñecemento científico na realidade do alumno

A CIENCIA, 'IN SITU'

ESTA CONVOCATORIA CENTRARASE POR SEGUNDO ANO NA TEMÁTICA DOS USOS E ABUSOS DA AUGA

M. J. Cebro · Santiago

Sendo Galicia o país dos mil ríos e estando a auga no ollo da fanequeira dos problemas ambientais do planeta, non estraña que este ben prezado e escaso centre as xornadas que, por sexto ano consecutivo, organizan o movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega e mais os departamentos de Ciencias Naturais e Ciencias Sociais do Instituto de Educación Secundaria de Melide. Arrincan hoxe –e ata o xoves– as VI Xornadas Ciencia e Territorio, co subtítulo nesta ocasión de *A auga, usos e abusos (II)*.

As xornadas "Ciencia e Territorio" naceron co obxectivo de articular estratexias que lle permitan ao profesorado integrar o ensino no medio natural e social no que o centro educativo está inserido.

"Levamos seis anos organizando estas xornadas, co obxectivo de poñer o coñecemento científico ó alcance do profesorado, xa que somos os transmisores dese saber ós rapaces", sinala Xulio Pérez, profesor de Bioloxía do IES melidense e un dos organizadores das xornadas.

"Pensamos que a formación do profesorado está demasiado centrado no contexto urbano, e a nosa idea é que tamén hai que traballar no rural", matiza.

Desde esta óptica, a Terra de Melide é unha comarca especialmente apropiada como campo de experimentación –"xeograficamente está no centro de Galicia"– amais de tratarse dun territorio que foi estudado en profundidade xa desde a época da Xeración Nós e do Seminario de Estudos Galegos.

Nestes seis anos ininterrompidos afondando na relación ciencia-territorio, tratáronse a Xeoloxía, a Xeomorfoloxía, a Botánica, a Arqueoloxía e, no ano pasado, a Auga (I). "Este ano vólvese dedicar á auga, porque entendemos que esta problemática é especialmente significativa hoxe que, amais das circunstancias ambientais preocupantes do país e do planeta, comezamos a ser conscientes de que este elemento imprescindible para a vida na Terra non é un ben inesgotable", di Pérez.

Así, hoxe as xornadas contarán cun invitado de prestixio internacional. "A conferencia inaugural –"Por unha nova cultura da auga"– correrá por conta de Francisco Javier Martínez Gil, catedrático de Hidroxeo-



Os participantes nunha edición anterior de 'Ciencia e territorio' nun dos obradoiros que adoitan organizar



Saída de campo realizada na comarca de Melide nunha das edicións anteriores das xornadas

A CERNA O contorno como obxecto

"O ensino non pode ser concibido sen achegar o medio social, natural económico e cultural á escola. Unha verdadeira escola galega comprometida co seu medio ten que procurar aprendizaxes a partir do que coñece o alumno".

loxía da Universidade de Zaragoza, unha auténtica autoridade no tema", matiza Xulio Pérez.

Precisamente da filosofía de contextualizar o coñecemento científico no territorio concreto, as xornadas sempre reservaron un tempo importante ó traballo de campo. "Este ano tamén sairemos –hoxe visitarase as minicentraís de Portodís e Portochoar pero esta vez centrarémonos máis no coñecemento xerado da investigación universitaria, para que

transcenda ó ensino secundario. Así que lle daremos máis pulo á teoría e haberá máis conferencias, un total de oito".

Con todo, haberá tamén un día de obradoiros dedicado á presentación de experiencias didácticas sobre a auga. "Serán tres, presentadas polo IES de Sar, en Santiago, polo da Guarda e polo de Viana do Bolo. Será unha aproximación ó que se está facendo nos centros de ensino", adianta Pérez.

E aínda que as xornadas son científicas, na súa organización participan, amais dos devanditos departamentos de Ciencias naturais e Ciencias Sociais os de Lingua e literatura galegas, Tecnoloxía, Música e Inglés, salienta Pérez. "Todos temos o mesmo compromiso coa comarca da Terra de Melide. E nunhas xornadas así hai traballo para todos: desde o que se encarga de levar auga e bocadillos ás saídas de campo, ó que vai no coche recoller algún relator ó aeroporto de Santiago, ou o que entrega os cartafolios co material ós participantes...".

E é que amais de ciencia, ten cabida a etnografía, a historia ou a literatura. O último día, o vindeiro xoves, dará cabida a unha conferencia sobre os ríos na Galicia romana, a cargo de Xosé Manuel Caamaño Gesto, do Departamento de Historia da Universidade de Santiago, e outra sobre os aspectos simbólicos e rituais da auga en Galicia, a cargo de Xosé Manuel Vázquez Varela, catedrático de Prehistoria na USC.

Sen esquecer as actividades de lecer, que inclúen a proxección dunha película –*Erin Brocovich*, de Steven Soderbergh– ou a participación dos asistentes nunha sesión de xogos tradicionais.

No apartado de agradecementos, os organizadores salientan a contribución das empresas da comarca, amais das consellerías de Medio Ambiente e Industria e os concellos de Melide, Santiso e Toques.●



Las jornadas programan talleres para los asistentes

Arrancan las jornadas sobre ciencia del IES melidense

La Voz

MELIDE | Melide acoge hasta el próximo jueves la sexta edición de las *Xornadas Ciencia e Territorio* organizadas por el IES de la localidad y el movimiento Nova Escola Galega. Unas setenta personas asistirán al ciclo de conferencias y

actividades programadas con el agua como tema central. El catedrático de hidrogeología de la Universidad de Zaragoza Francisco Javier Martínez abrirá hoy el ciclo de ponencias, que correrán a cargo de investigadores de las universidades de Santiago y de Vigo.